



Proxecto Educativo

CEIP ESTEIRO - FERROL



Consideracións preliminares

- A LOMLOE recolle que "Os centros docentes disporán da autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo... (art. 120.2).
- A estrutura do PEC contén catro aspectos clave determinados nos artigos 121- 123 da LOMLOE, polo que falaremos de catro documentos:
 - Documento 1: Estudo do contexto no que está situado o centro.
 - Documento 2: A concreción curricular.
 - Documento 3: A organización (Plan de convivencia, NOFC e o Plan de Igualdade)
 - Documento 4: Xestión dos recursos (Proxecto de xestión de recursos humanos e materiais).
- A elaboración do PEC correspóndelle ao equipo directivo coas propostas realizadas polo claustro de profesores e o consello escolar.
- A aprobación e avaliación dos distintos documentos é a seguinte (artigos 127 e 129):

Documento	APROBA	NORMATIVA	AVALÍA
1. CONTEXTO DO CENTRO	Consello Escolar	Art. 127, A- LOMLOE	Consello Escolar
2. CONCRECIÓN CURRICULAR	Claustro	Art. 129, B - LOMLOE	Claustro
3. ORGANIZACIÓN	Consello Escolar	Art. 127, A- LOMLOE	Consello Escolar
4. PROXECTO DE XESTIÓN	Consello Escolar	Art. 127, A- LOMLOE	Consello Escolar

- No artigo 121.3 da LOE fala do carácter público deste documento.
- A concreción do PEC faise na elaboración, aprobación e difusión da PXA.

O PEC foi aprobado nos catro documentos que o constitúen o 18 de abril de 2023.

Revisión normativa o 13 de xuño 2023



Contidos

DOCUMENTO 1

1. Introducción / Marco Legal	7
2. Análise do contexto escolar	9
2.1. Datos identificativos do centro	9
2.2. O entorno e orixe do centro	9
2.3. Aspectos socio-económicos e cultural	10
3. Servizos e relacións coas familias e institucións	10
3.1. Servizos	10
3.2. Relacións coas familias e institucións	11
3.3. Uso das instalacións do centro por parte doutras entidades	12
4. Características estruturais do centro	13
4.1. Dependencias e espazos	13
4.2. Equipamento e inventario	14
5. Aspectos organizativos e académicos	14
5.1. Unidades do centro e alumnado (Catálogo oficial Orde 12-08-10)	14
5.2. Criterios de agrupamentos	15
5.3. Horarios	15
5.4. Profesorado	15

6. Sinais de identidade / Valores, principios e fins	16
6.1. Valores e principios da actividade educativa	16
6.2. Fins e metas educativos	17
6.3. Principios propios do centro	18
6.4. Especialización curricular	19
7. Obxectivos do centro	20
7.1. Ámbito pedagógico	20
7.2. Ámbito humano (alumnado, profesorado e familias)	21
7.3. Ámbito institucional	22
7.4. Ámbito administrativo	22
7.5. Ámbito plurilingüismo	23
8. Concreción curricular	24
8.1. Adecuación dos obxectivos de etapa	24
8.2. Distribución horaria das materias	25
8.3. Idioma de impartición das materias	26
8.4. Contribución das áreas á consecución das competencias clave	27
8.5. Metodoloxía xeral	28
8.6. Tratamento dos elementos transversais	29
8.7. Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	31
8.8. Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade	32
8.9. Os criterios para o deseño das actividades complementarias	32
8.10. Os criterios para o deseño dos plan de reforzo ou recuperación	32
8.11. Criterios xerais de avaliación, promoción e titulación	34
8.12. Criterios para a concesión de matrícula de honra	38
8.13. Aspectos xerais das programacións didácticas	38
8.14. Os criterios para a participación en proxectos, plans e programas	39

8.11. O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular..... 40

9. Organización do centro..... 41

9.1. Organigrama..... 41

9.2. Órganos de goberno..... 42

9.3. Órganos de coordinación docente..... 42

9.4. Persoal non docente..... 42

9.5. Asociación de Nais e Pais (ANPA)..... 43

9.6. Documentos de planificación 43

9.7. Dinamización e outras funcións docentes..... 44

9.8. Servizos complementarios..... 44

9.9. Actividades complementarias..... 45

9.10. Actividades extraescolares..... 45

10. Documentos anexados a esta sección..... 46

10.1. O Plan de Convivencia Anexo

10.2. As Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC)..... Anexo

10.3. O Plan de Igualdade Anexo

10.4. O Plan Dixital de Centro Anexo

11. Proxecto de xestión de recursos humanos e materiais..... 47

11.1. Proxecto de xestión..... Anexo

Marco Legal



- **Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, de Educación (LOMLOE), pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio.**
- **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro (LOMCE).**
- **Decreto 330/2009, do 4 de xuño,** polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 105/2014, do 4 de setembro,** polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **ORDE do 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **ORDE do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- **Decreto 374/1996, do 17 de outubro,** polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- **Orde do 22 de xullo de 1997,** pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da consellería de educación e Ordenación Universitaria.
- **Decreto 79/2010, do 20 de maio,** para o plurilingüismo no ensino non Universitario de Galicia. - Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro,** polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Real Decreto 126/2015,** polo que se establece o currículo básico da educación primaria.
 - **Orde do 25 de xuño de 2009,** pola que se regula a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - **Orde do 9 de xullo de 2016,** pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - **Orde ECD/65/2015,** pola que se describen as relación entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación de educación primaria.



DOCUMENTO 1

Onde estamos / A quen nos diriximos? / Quen somos?

1. Introducción / Marco Legal

No artigo 120 da LOMLOE establécese que os centros deberán elaborar un PROXECTO EDUCATIVO seguindo as seguintes directrices establecidas no artigo 121:



- O equipo directivo elaborará o PE partindo das características de situación, contorno, alumnado e profesorado do centro, tendo en conta as propostas de concrecións curriculares aprobadas polo Claustro. Posteriormente será aprobado pola dirección do centro.
- Unha copia do PE quedará na secretaría a disposición de toda a Comunidade Educativa, outro exemplar entregaráse á ANPA e un terceiro remitirase á Inspección Educativa.
- Os apartados que se incluírán no PEC serán os seguintes:
 - Análise do contexto.
 - Obxectivos do centro.
 - Fins e intencións educativas.
 - Oferta educativa.
 - Organización xeral.
 - Concreción curricular.
 - Proxectos e Plans nos que participa o centro. o Relacións coas familias e institucións.
 - Documentos de referencia do centro.
- O Consello Escolar avaliará e aprobará os seguintes proxectos e normas aos que se refire o capítulo II do título V da LOMLOE.

- Proxecto educativo.
 - Proxecto de xestión.
 - Normas de organización e funcionamento.
 - Programación Xeral Anual.
- A inspección educativa será a responsable da supervisión e o control dos programas que inciden nos centros, comprobando a súa adecuación ao establecido na lexislación vixente.

Este documento marca a personalidade do centro e servirá de base para a elaboración das diferentes programacións. Así mesmo, complétase con outros documentos de xestión que se relacionan no derradeiro epígrafe.

2. Análise do contexto escolar

Identidade, orixe e contacto socio-económico.



2.1. Datos identificativos do centro

Centro de titularidade pública ubicado no Concello de Ferrol.

Os seus datos referenciais son os seguintes:

CEIP de Esteiro

Avenida de Vigo, s/n 15403-Ferrol

Teléfono e fax: 981352904 Fax: 981352905

Código de centro: 15024938

Correo electrónico: ceip.esteiro@edu.xunta.gal

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipesteiro/>

Os programas educativos que se están a desenvolver son:

- *Contratos programa. Acompañamento escolar fóra do horario lectivo (REFORZA-T),
- Proxecto E-Dixgal.
- Programa TEI.
- Proxectos europeos de mobilidade de profesorado KA1.
- Bibliotecas escolares (PLAMBE, Club de Lectura, Radio na biblio).
- Proxecto DidiCraft.

2.2. O entorno e orixe do centro

O CEIP Esteiro está ubicado no Concello de Ferrol, no barrio de Esteiro, un barrio histórico, da cidade de Ferrol, situado á beira da ría, que nace para acoller ó proletariado da construción naval no século XVIII e mantense coa mesma estrutura ata hai un par de décadas.

Na actualidade, coexisten as vellas vivendas de dous andares coas novas torres que sobrepasan ás grúas do estaleiro, mestúranse edificios nobres como a Casa do Patín coas chabolas entre silveiras, mantéñense as rúas empedradas pero constrúense as avenidas e rotondas.

A infraestrutura de servizos sociais nesta zona é completa. Hai dous colexios públicos moi cercanos , un pavillón polideportivo , funcionan diversas asociacións culturais-deportivas, ademáis de ter incorporado ó barrio o campus universitario con diversas escolas de enxeñerías superiores, enfermería, humanidades, etc.

O centro escolar construíuse para escolarizar á poboación que, procedente de diversos lugares da cidade e bisbarra se asentaban nos novos edificios como propietarios de vivendas sociais ou como cooperativistas. Nun principio naceu como desglose do colexio Ibañez Martín (hoxe CEIP Recimil), quedando segundo a actual rede de centros catalogado como centro escolar de educación infantil e primaria, con tres aulas de infantil e seis de primaria.

2.3. Aspectos socio-económicos e cultural

Mirar proxecto lingüístico e enquisa.

3. Servizos e relacións coas familias e institucións



3.1. Servizos

Sanidade e asistencia médica

- Existen diversos centros de saúde na contorna, sendo o máis próximo o Centro de Saúde Fontenla Maristany
- Hospital Arquitecto Marcide
- Hospital Naval
- Hospital Juan Cardona

Servizos sociais

Instalacións deportivas

Servizos e institucións recreativas

Transporte e comunicacións

Comercio

Ensino

Servizos culturais

3.2. Relacións coas familias e institucións

O centro mantén unha relación estreita e cordial coas familias, ANPA e institucións coas que mantén contacto, buscando a colaboración e participación de todos/as.

Relacións escola-familia

- A cordialidade das relacións escola-familia e a confianza entre pais e educadores son básicas en calquera etapa educativa.
- A escola non pode nin debe pretender substituír á familia, senón compartir a responsabilidade de educar e instruír aos nenos e nenas. Canto máis se coñezan os educadores e as familias, máis se favorece o benestar dos rapaces.
- A eficacia da educación ten que estar baseada nunha actuación coherente e de corresponsabilidade que guíe aos nenos e nenas nunha mesma dirección.
- Para chegar a bo fin nesta tarefa compartida, existen dúas vías complementarias de participación:
 - A través dunha implicación das familias no proceso educativo que conleve:
 - Un consenso familia-escola.
 - Unha comunicación fluída e constante.
 - A través do Consello Escolar, coa súa cooperación na organización do Centro.
- No que respecta á primeira vía, é dicir, á implicación das familias no proceso educativo, nalgúns casos non é doado establecer una boa corrente comunicativa, pero sabemos que esta comunicación é importante de cara ao éxito da actuación da escola. Os recursos e estratexias para conseguir este obxectivo serán:
 - Reunións xerais nas que cada titor/a convoca a todas as familias do seu grupo para tratar temas de interese xeral: normas, horarios, obxectivos a conseguir en cada materia, saídas culturais, festividadeas a celebrar...
 - Entrevistas individuais que deberán levarse a cabo nun ambiente relaxado e distendido. Servirán para establecer ou retomar as relacións familias-escola e para recabar datos sobre:
 - A situación socioambiental do neno.

- Datos persoais de saúde, relación con outros nenos, xogos preferidos, relación cos adultos, cos irmáns, cos pais (tempos que conviven con cada un deles).
- Ademais destas posibilidades de contacto entre titores e familias, fíxanse uns horarios semanais de titorías e atención aos pais que quedan establecidas todos os **martes** lectivos do curso entre as **16,00 h. e as 17,00 h.**

Relación coa ANPA

- As relacións coa ANPA son excelentes participando activamente en todas as actividades que organizan; sempre están abertos a colaborar coas actividades do colexio sendo este aspecto algo mútuo.
- A ANPA colabora, asiduamente, na preparación de actividades complementarias durante o nadal, entroido e final de curso..
- No ámbito da organización, manteñen una estreita relación co profesorado levando as súas inquiredanzas ao Consello Escolar tanto por problemas de carácter pedagóxico como de conservación do edificio, material escolar ...

Relación co centro de adscrición

- O centro de adscrición é o IES Sofía Casanova. Algúns alumnos trasládanse a outros centros da localidade.
- A finais de curso visitamos o centro de adscrición co alumnado que se trasladan ao mesmo, coa finalidade de establecer una xornada de acollida na que os alumnos/as visitan as instalacións e manteñen os primeiros contactos cos seus futuros compañeiros/as e docentes.

Relación co Concello

- Aportación económica para a realización de traballos de mantemento das instalacións escolares.
- Convocatoria de concursos dirixidos aos escolares.
- Organización de actividades culturais con motivo de distintas conmemoracións.
- Organización de actividades extraescolares nas que poden participar todos os alumnos do centro.

3.3. Uso das instalacións do centro por parte doutras entidades

Este Centro está a disposición de toda a Comunidade Educativa ou de calquera asociación cultural ou deportiva que solicite formalmente algunha dependencia do mesmo, despois de acadar o correspondente permiso da Inspección e da Xefatura Territorial, responsabilizándose dos posibles danos, gastos e perxucios que se poidesen ocasionar no Centro, así como a responsabilidade civil derivada de calquera incidencia que tivese lugar durante o desenvolvemento das actividades realizadas.

4. Características estruturais do centro



4.1. Dependencias e espazos

Distribución en dous edificios:

A- Pavillón polideportivo:

- Gimnasio con duchas e vestiarios.
- Almacén de material escolar.
- Almacén deportivo.

B - Edificio principal:

Planta baixa

- Despachos e dependencias administrativas (Dirección, Secretaría e Xefatura de Estudos)
- Conserxería e reprografía
- Taller de conserxería e sala do servizo de limpeza
- Ludoteca
- Salón de usos múltiples
- Aula de Pedagogía Terapéutica II
- Sala de mestres/as
- Departamento de Orientación
- Aula de Audición e Linguaxe
- 3 aulas de Educación Infantil
- 3 aseos (1 para profesorado e 2 para o alumnado)
- Almacén de material escolar

Planta primeira

- Aula de Pedagogía Terapéutica

- Aula de Música
- Aula de Lingua Inglesa
- Biblioteca
- 7 aulas de Educación Primaria (titorías)
- 2 aulas de relixión
- Comedor
- 6 aseos (2 de profesorado e 4 de alumnado)

Exterior

- Patio descuberto con zona de xogos infantil
- Patio cuberto
- Sala da caldeira
- Aparcadoiro

4.2. Equipamento e inventario

No aplicativo XADE están rexistrados por dependencias o mobiliario, material e fondos educativos do centro.

5. Aspectos organizativos e académicos

5.1. Unidades do centro e alumnado (Catálogo oficial Orde 12-08-10)

- O centro conta con 9 unidades creadas das cales 6 son de Educación Primaria e 3 son de Educación Infantil.
- O número de alumnos matriculados está nos 225 aproximadamente.
- A ratio de alumnado por curso é alta rondando o 100% na maioría dos grupos.
- Contamos con alumnos/as con NEAE psíquicas e/ou motóricas.
- O centro poaúe unha porcentaxe mínima de alumnado de familias inmigrantes e pertencentes a minorías étnicas. Os alumnos proceden da área de influencia do centro, e unha minoría, da zona de influ-

encia por proximidade do lugar de traballo dos titores.

5.2. Criterios de agrupamentos

Ao ser de liña 1 o centro, este criterio non aplica, agás no caso de desdobres en Educación Primaria co cal se seguirían os seguintes criterios:

- Distribución equitativa en número entre os grupos.
- Distribución por orde alfabética.
- As novas incorporacións, de producirse, irán para a unidade con menor número de alumnado. De ser igual o número, a incorporación realizarase por orde alfabética das aulas.
- De haber redución, ampliación ou modificación do número de unidades, a distribución do alumnado realizaraa a CCP, oído o correspondente equipo docente.

5.3. Horarios

O horario lectivo do centro é de 09:00 a 14:00 horas. O alumnado de educación infantil que se incorpore ao centro farao de xeito progresivo no mes de setembro para o que se programará o período de adaptación á escola.

O servizo de comedor funciona todos os días lectivos do curso escolar para o almorzo e xantar en horario de 07:30-09:00 e 14:00-16:00.

Todos os martes lectivos, en sesión de tarde de 16:00 h. ata as 19:00 h. realízanse tarefas de carácter titorial e atención a país/nais, e lévanse a cabo as reunión de traballo dos diferentes equipos.

As actividades extraescolares organízanse de luns a venres en horario de 16:00-17:30, así coma a asistencia á biblioteca os luns, mércores, xoves e venres en horario de 16:00-17:00.

5.4. Profesorado

O catálogo de postos de traballo do centro é de 14 profesores/as correspondendo ás seguintes especialidades:

- 4 de Educación Infantil.
- 5 de Educación Primaria.
- 1 de Lingua Inglesa.
- 1 de Lingua Francesa
- 1 de Educación Física.

- 1 de Educación Musical.
- 1 de Pedagogía Terapéutica.

Contamos, así mesmo, co seguinte persoal docente compartido:

- 1 Mestre/a de Relixión Católica (compartida).
- 1 Mestre/a de Relixión Evanxélica (compartida).
- 1 Mestre/a de Audición e Linguaxe (compartida).
- 1 Orientador/a (compartida).

Todo o profesorado, ten destino definitivo no centro sendo pouco significativa a porcentaxe de mestres que cambia de destino anualmente. A estabilidade do profesorado mellora moito a consecucións dos plans e proxectos que levamos a cabo.

6. Sinais de identidade / Valores, principios e fins



6.1. Valores e principios da actividade educativa

Os principios son aqueles fundamentos que debemos ter en conta para axudar a que os nosos/as alumnos/as logren os obxectivos e desenrolen as súas capacidades. Baséanse nas necesidades dos discentes.

- A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade.
- A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- A concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida.
- A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade. A orientación

educativa dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.

- O esforzo individual e a motivación do alumnado.
- O esforzo compartido por alumnado, familias, profesores, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade.
- A autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares no marco das competencias e responsabilidades que corresponden ao centro.
- A participación da comunidade educativa na organización, goberno e funcionamento do centro.
- A educación para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica, así como a non-violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- A consideración da función docente como factor esencial da calidade da educación, o recoñecemento social do profesorado e o apoio a súa tarefa.
- O fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.
- A avaliación tanto na programación e organización e nos procesos de ensino e aprendizaxe como nos seus resultados.
- A cooperación e colaboración das administracións educativas coas corporacións locais na planificación e implementación da política educativa.

6.2. Fins e metas educativos

Son as metas que queremos acadar.

- O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades do alumnado.
- A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.
- A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
- A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto

cara aos seres vivos e o ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sustentable.

- O desenvolvemento da capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.
- A capacitación para a comunicación nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma e nunha lingua estranxeira. Potenciarase o ensino da lingua galega de xeito que se garanta un efectivo dominio da mesma en igualdade co da lingua castelá. A lingua galega será a lingua de relación do centro coas outras administracións e cos distintos sectores da comunidade educativa.
- A preparación para o exercicio de cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación as situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

6.3. Principios propios do centro

O noso centro, configurado en base aos valores da Constitución, aséntase no respecto aos dereitos e liberdades recoñecidos nela. Así, inspírase nos seguintes principios:

- Educación na liberdade: a educación debe capacitar para unha libre elección entre as diversas opcións que na vida se ofrezan. Esta capacitación só se conseguirá se ademais de orientala como valor, se pon en práctica nas actividades docentes, na organización e funcionamento do centro.
- Educación na responsabilidade: a educación debe transmitir e formar na responsabilidade, ante os feitos e actuacións dos individuos, todo isto de forma progresiva, tendo en conta a súa madurez e idade. Fomentarase como valor no alumnado así como no resto dos compoñentes da comunidade educativa.
- Educación na paz e a tolerancia: En educación deben transmitirse os hábitos tendentes a conseguir un clima de paz e tolerancia no centro educativo, de forma que se cree nos individuos unha cultura de “Non Violencia” e no respecto aos demais.
- Educación na igualdade e a diversidade: A educación ha de estar exenta de todo tipo de discriminación, tender á igualdade social entre todos os individuos e atender á diversidade intelectual, cultural, social, etc. Evitaranse as desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou de calquera outra clase.

- Educación como integración: A educación favorecerá a integración do alumnado, ben a través da cultura do xogo popular como elemento dinamizador das relacións interpersoais.
- Coeducación: Eliminaranse na vida do centro toda discriminación por razón de sexo e favorecerase unha educación para a igualdade entre ambos sexos.
- Educación como participación. A educación non é só transmisión individual de coñecementos, senón que abarca a formación integral da persoa, á que contribúen todos os compoñentes da comunidade educativa. Por iso a importancia da participación de tales compoñentes nas accións educativas e na necesidade de coordinación de esforzos na procura de obxectivos comúns.
- Educación na democracia. A educación concíbese dentro do marco democrático, concebindo este como o mellor sistema e máis humano de participación social. A vida do centro, por tal motivo, debe ter presente este valor en todas as actuacións, formando cidadáns que participen ou poidan participar libre e responsablemente nas institucións políticas e sociais, capaces de respectar en todo momento as normas e leis vixentes.
- Educación como servizo. A educación debe ser concebida como un servizo aos demais, exento de protagonismos persoais e exento de todo tipo de manipulación. Os compoñentes da comunidade educativa serán sempre conscientes de que a educación é unha formación integral de persoas para a vida na sociedade e que este obxectivo será sempre primordial.
- Educación con calidade. A calidade é o valor imprescindible da educación, entendida esta como “satisfacción de necesidades do alumnado e das súas expectativas razoables”.

6.4. Especialización curricular

- Educación dixital. Centro integrado no Proxecto E-Dixgal desde o curso 2017/18 e participante no Proxecto Digicraft no curso 2022-2023.
- Tolerancia cero ante a violencia e o acoso escolar. Programa TEI.

7. Obxectivos do centro

Concretamos estes grandes valores e principios anteriormente expostos nos Obxectivos Xerais, entendendo estes como as intencións, compromisos ou metas que determinan e orientan todas as actividades e organización do centro docente.



7.1. Ámbito pedagóxico

- Fomentar integralmente aos alumnos e alumnas, compensando as súas carencias a través dunha atención individualizada e unha avaliación continua e formativa.
- Proporcionar ao alumnado o coñecemento dos dereitos e liberdades recoñecidos na Constitución e demais leis e dereitos internacionais. Facilitar no centro a vivencia dos mencionados dereitos e liberdades. Conseguir un clima de responsabilidade que fomente a convivencia.
- Facilitar a adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos.
- Dar a coñecer a principio de curso, aquela información que precise para a súa integración no centro e de forma especial os obxectivos, contidos e criterios de avaliación así como os mínimos esixibles para obter unha valoración positiva nas áreas ou materias que curse.
- Promover unha relación estreita entre o alumnado e o Departamento de Orientación, co fin de que poida recadar calquera axuda especializada que precisen, mantendo unha especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado de diversificación.
- Formar no respecto á pluralidade lingüística e cultural.
- Desenvolver unha metodoloxía activa que garanta a participación do alumnado no proceso de ensino e aprendizaxe. Preparalos para participar activamente na vida social e cultural.
- Utilizar unha metodoloxía globalizadora partindo dos intereses e necesidades do alumnado.
- Desenvolver nos alumnos as seguintes competencias:
 1. Competencia en comunicación lingüística.
 2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
 3. Competencia dixital.

4. Aprender a aprender.
5. Competencias sociais e cívicas.
6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.
7. Conciencia e expresións culturais.

7.2. Ámbito humano (alumnado, profesorado e familias)

- Desenvolver nos alumnos e alumnas actitudes para a convivencia democrática e para o exercicio responsable da liberdade.
- Desenvolver actitudes e hábitos de cooperación a través do traballo en equipo.
- Fomentar un comportamento tolerante e solidario en toda a comunidade educativa.
- Desenvolver actitudes de respecto ás diferentes culturas e linguas.
- Educar na integración.
- Educar para a paz e no desenvolvemento de actitudes pacíficas.
- Formar ao alumnado en igualdade, sen ningún tipo de discriminación e eliminando estereotipos en relación aos roles do home e da muller na sociedade.
- Fomentar en toda a comunidade educativa actitudes de respecto e defensa do medio ambiente.
- Educar no respecto aos valores morais e cívicos.
- Educar para un consumo responsable.
- Educar para unha boa utilización do tempo de lecer.
- Desenvolver no alumnado hábitos e actitudes de respecto ás normas de educación viaria. Propiciar a autonomía do alumnado a través da adquisición de hábitos de estudo, orde e traballo.
- Valorar criticamente os hábitos relacionados coa saúde, consumo e medio ambiente.
- Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal.
- Desenvolver no alumnado a imaxinación, a orixinalidade e o espírito crítico.
- Proporcionar a todos os alumnos a atención psicopedagóxica e a orientación educativa precisa.
- Desenvolver un plan de acción tutorial que proporcione aos alumnos o coñecemento do seu contorno físico, social e educativo.
- Adecuar o currículo aos diferentes ritmos de aprendizaxe con especial atención aos alumnos con necesidades educativas especiais.

- Favorecer a socialización do alumnado propiciando a consecución de destrezas que faciliten a súa integración.

7.3. Ámbito institucional

- Implicar ás familias dos alumnos no proceso educativo e fomentar a súa participación na vida do centro.
- Informar aos pais e nais periódica e oportunamente, sobre o rendemento académico dos seus fillos, a marcha do seu proceso educativo e as actividades que se realizan.
- Impulsar as entrevistas do titor/a e/ou profesorado coas familias co fin de informalas de aspectos relacionados cos seus fillos/as.
- Potenciar a asociación de pais e nais de alumnos, facilitando a súa incorporación na vida do centro, como medio de canalización das inquietudes dos pais e alentando a súa participación nas actividades do centro.
- Fomentar a relación do centro co entorno social, económico e cultural.
- Potenciar a coordinación e o traballo en equipo do profesorado.
- Establecer contactos e coordinar actuacións co IES Sofía Casanova, centro receptor dos alumnos.
- Impulsar e favorecer a participación do profesorado en actividades de formación permanente, fundamentalmente no propio centro e colaborar co centro de formación do profesorado.
- Colaborar co concello nas actividades organizadas por este e dirixidas á formación do alumnado.
- Lograr que as administracións local e autonómica cumpran coas súas obrigas con respecto ás necesidades do centro.
- Democratizar o funcionamento do centro, fomentando e facilitando a participación de todos os sectores da comunidade educativa.
- Fomentar actividades complementarias e extraescolares nas que participen de forma activa o persoal non docente, conxuntamente co resto dos compoñentes da comunidade educativa.
- Conseguir a colaboración do persoal non docente co profesorado no control das instalacións, medios e servizos.

7.4. Ámbito administrativo

- Realizar unha xestión administrativa e económica eficaz e transparente.
- Lograr un sistema de comunicación áxil e eficaz entre toda a comunidade educativa.

7.5. **Ámbito plurilingüismo**

Ao remate da educación primaria o alumnado deberá ter un dominio do galego e do castelán que lle permita comunicarse en ambas as dúas linguas por un igual. Así mesmo, fomentaremos unha valoración positiva da lingua galega así como o coñecemento da nosa cultura. Os obxectivos que nos propoñemos no eido da normalización lingüística son:

- Acadar que os alumnos do centro teñan unha competencia lingüística que lles permita comunicarse por un igual en lingua galega e castelá.
- Potenciar a valoración positiva do uso da lingua galega por parte da comunidade educativa.
- Utilizar a lingua galega como lingua oficial nas relacións externas do centro: escritos, circulares, xestión administrativa...
- Mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

DOCUMENTO 2

8. Concreción curricular

Que queremos conseguir? Exercemos a autonomía pedagóxica do centro. (Apartado incluído no aplicativo PORENS).



8.1. Adecuación dos obxectivos de etapa

DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.

DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacio-

nan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.

e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.

i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

8.2. Distribución horaria das materias

Son as establecidas no Anexo III do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.(Anexo IV do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, a extinguir).

ÁREAS	CURSOS					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Ciencias da Natureza	3	2	3	2	3	2

Ciencias Sociais	2	3	2	3	2	2
Educación en Valores Cívicos e Éticos						1
Educación Física	2	2	2	2	2	2
Educación Plástica e Visual	1	1	1	1	1	1
Língua Castelá e Literatura	4	4	4	4	4	4
Língua Estranxeira	2	2	3	3	3	3
Língua Galega e Literatura	4	4	4	4	4	4
Matemáticas	5	5	4	4	4	4
Música e Danza	1	1	1	1	1	1
Relixión / Proxecto Competencial	1	1	1	1	1	1
Totais	25	25	25	25	25	25

8.3. Idioma de impartición das materiais

Educación infantil:

Na etapa de Educación Infantil, tal como se recolle no artigo 5 do Decreto 79/2010 de plurilingüismo, e unha vez realizada a consulta aos pais non vinculante como consecuencia da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a lingua a empregar será o galego, sen prexuízo do establecido no punto 4 do artigo citado.

4º, 5º, 6º de EDUCACIÓN INFANTIL

Área de Comunicación e Representación da Realidade (100% en Língua Castelá)
 Área de Crecemento en Harmonía (50% en Língua Galega e 50% en Língua Castelá)
 Área de Descubrimento e Exploración da Contorna (100% en Língua Galega)

Educación Primaria:

Segundo dita o Artigo 6º do Decreto 79/2010 de plurilingüismo no, seu punto 4, e tendo en conta as materias troncais cuxo idioma de impartición establécense no punto 3, así como as especificidades idiomáticas establecidas no parágrafo anterior, seguiuise o procedemento establecido no regulamento de centros, decidíndose as materias que se impartirán en galego e en castelán, garantindo una distribución proporcional, e quedando como a continuación se indica:

	LINGUA GALEGA		LINGUA CASTELÁ		LINGUA INGLESA		RELIXIÓN AT EDUC RELIXIÓN PROXECTO COMPETENCIAL		CIENCIAS SOCIAIS		CIENCIAS NATURAIS		EDUC FÍSICA		MATEMÁTICAS		EDUC MUSICAL MÚSICA E DANZA		EDUC PLÁSTICA EDUC PLÁSTICA E VISUAL		LIBRE CONFIG EDUCACIÓN E VALORES CÍVICOS E ÉTICOS		TOTAL GALEGO		TOTAL CASTELÁN		
	LOMCE	LOMLOE	LOMCE	LOMLOE	LOMCE	LOMLOE	LOMCE	LOMLOE	LOMCE	LOMLOE	LOMCE	LOMLOE	LOMCE	LOMLOE	LOMCE	LOMLOE	LOMCE	LOMLOE	LOMCE	LOMLOE	LOMCE	LOMLOE	LOMCE	LOMLOE	LOMCE	LOMLOE	
EP1	4	4	4	4	2	2	1	1	3	2	2	3	2	2	5	5	1	1	1	1				12		11	
EP2	4	4	4	4	2	2	2	1	2	3	2	2	2	2	5	5	1	1	1	1			11		12		
EP3	4	4	4	4	3	3	1	1	3	2	2	3	2	2	4	4	1	1	1	1			12		10		
EP4	4	4	4	4	3	3	1	1	2	3	2	2	2	2	4	4	1	1	1	1	1	1	11			11	
EP5	4	4	4	4	3	3	1	1	2	2	2	3	2	2	5	4	1	1	1	1			12		10		
EP6	3	4	3	4	3	3	1	1	3	2	2	2	2	2	5	4	1	1	1	1	1	1	12		10		

8.4. Contribución das áreas á consecución das competencias clave

As competencias, son as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza á etapa educativa referente.

A contribución porcentual da áreas con respecto a cada competencia, estableceranse nas programacións específicas.

No noso centro as prioridades competenciais que debemos conseguir co alumnado ao rematar a Etapa de Educación Primaria, son as seguintes:

O desenvolvemento das competencias abordarase desde todas as áreas curriculares de xeito interdisciplinar.

As competencias que debemos desenvolver para as dúas etapas son as seguintes:

a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).

Utilizará a lingua oral e escrita en múltiples contextos e empregará de forma funcional a primeira lingua estranxeira.

b) Competencia plurilingüe (CP).

Valorará á adquisición de diferentes linguas como elemento enriquecedor e cultural.

c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).

Empregará, espontaneamente, nos ámbitos persoal e social, os elementos e razoamentos matemáticos para interpretar e producir información e para resolver problemas que se dan en situacións cotiás.

d) Competencia dixital (CD).

Fará uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de modo eficiente. Avaliará e seleccionará novas fontes de información e innovación tecnolóxicas a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade, para acometer tarefas ou obxectivos específicos.

Ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e empregar a información, as súas fontes e as distintas ferramentas tecnolóxicas.

e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).

Comprenderá a realidade social na que vive.

Afrontará a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado en prácticas democráticas.

Exercerá a cidadanía actuando con criterio propio.

Contribuirá á construción da paz e a democracia, mantendo unha actitude solidaria e responsable ante o cumprimento dos dereitos e obrigas.

Xestionará e controlará as súas propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de autonomía persoal.

f) Competencia cidadá (CC).**g) Competencia emprendedora (CE).**

Imaxinará, emprenderá, desenrolará e avaliará accións e proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e espírito crítico.

Acadará cualidades e habilidades persoais, sociais, e de liderazgo.

h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

Terá adquirido un coñecemento básico das manifestacións culturais e artísticas fundamentais.

Adoptará unha actitude respectuosa e crítica ante as distintas manifestacións culturais e artísticas, e o desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora.

Amosará interese por participar na vida cultural e por contribuír a conservar o patrimonio artístico e cultural.

Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Porcentaxe de contribución de cada área á consecución das competencias clave

8.5. Metodoloxía xeral

A comunidade educativa considera moi importante o proceso de aprendizaxe do noso alumnado. Por iso cremos oportuno que o alumno sexa protagonista activo do seu propio proceso, proporcionándolle os re-

cursos materiais e humanos necesarios para conseguir o seu pleno desenvolvemento.

- Farase de xeito que a aprendizaxe sexa significativa (relacionada cos coñecementos previos e centros de interese).
- De forma globalizada e secuencializada gradualmente.
- Buscaremos unha aprendizaxe comprensiva máis que memorística.

A nosa metodoloxía será:

- Activa.
- Participativa.
- Individualizada.
- Socializadora.
- Motivadora.
- Potenciadora da autoestima e o éxito.

Todo iso encamiñado a conseguir que os nosos alumnos sexan:

- Responsables.
- Autónomos.
- Sociables.
- Tolerantes.
- E que aprendan a vivir en sociedade.

8.6. Tratamento dos elementos transversais

Todas as materias traballarán os seguintes elementos transversais

- A comprensión lectora.
- A expresión oral e escrita.
- A comunicación audiovisual
- As Tecnoloxías da información e da Comunicación
- O emprendemento
- A educación cívica e constitucional

- A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia

Fomentados pola Consellería de Educación:

- O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- A prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade
- Os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- A aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permiten afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- Accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías, en calidade de peóns, viaxeiros e condutores de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Tratamento dos elementos transversais:

- Incorporación na oferta educativa do centro: promoción de estilos de vida saudable, paisaxe e sustentabilidade, actividade física...
- Incorporación nas programacións didácticas de etapa e nivel.
- Facelos coincidir coas datas nas que a sociedade os conmemora: Día dos Dereitos Humanos, da Muller traballadora, da Paz,...
- Campañas de sensibilización sobre determinados temas: alimentación saudable, consumo re-

sponsable, identidade dixital, inmigración, Europa, educación ambiental,...

- Realización de obradoiros específicos para abordar algún destes temas: educación en valores, habilidades sociais e resolución de conflitos, educación vial, ...
- Participación en programas específicos: Titoría entre Iguais
- Noutras ocasións os temas xorden espontaneamente e aproveitamos para provocar a reflexión e a investigación sobre determinados aspectos.

As accións previstas coa educación en valores inclúense no Plan de Convivencia do centro.

8.7. Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

Este apartado céntrase principalmente na selección dos materiais e recursos empregados na etapa de Educación Infantil e Educación Primaria, centrándose principalmente nos recursos e materiais didácticos.

Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa e ao modelo didáctico anteriormente proposto.

De tal modo, establécense criterios ou directrices xerais que perfilan a análise tendo en conta a adecuación ao contexto educativo do centro:

1. Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
2. Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
3. A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade interna de cada área.
4. A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
5. A variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
6. A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
7. A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.
8. Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas que dirixirán a nosa selección.

Os recursos humanos estes son:

- O/a mestre/a titor/a.
- Os mestres/as especialistas.
- O departamento de orientación, (mestre/as e PROA+).
- Os/as propios/as alumnos/as e as súas familias.
- Comunidade educativa.

8.8. Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade.

O alumnado que non opte pola área de relixión (católica ou evanxélica) impartiráselle a materia de Proxecto competencial que se dirixe ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e que poderá configurarse a modo de traballo monográfico ou proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade. En todo caso, as actividades propostas nesta área irán dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os diferentes saberes.

En sexto curso engádese ao itinerario de Educación Primaria a área de Educación en Valores Cívicos e Éticos

Para estas sesións aconséllase:

- Traballo en valores e igualdade, sobre todo a través de contos.
- A educación emocional (a través de historias, representacións, contos...), que favorezan a expresión das propias emocións, gustos, fobias, etc.

8.9. Os criterios para o deseño das actividades complementarias

O centro conta cunha serie de criterios establecidos que marcan a selección e organización das actividades complementarias que se realizan co alumnado.

Ditas actividades están relacionadas con:

- Cos contidos de cada área.
- O establecido no currículo como conmemoracións a traballar no calendario anual publicado pola Consellería.
- Conmemoracións de celebración tradicional no centro (Día do Peón, Día da Música, Día do Deporte, etc.)
- Deben reforzar os aspectos do currículo que consideremos máis interesantes.
- Todas e cada unha das actividades complementarias deben ser: integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia, e o respecto.

8.10. Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias pendentes de cursos anteriores ou que deba permanecer un ano máis no mesmo curso.

[A] PLAN DE REFORZO OU RECUPERACIÓN DO ALUMNADO

Trátase de ofrecer a mellor axuda posible a un alumnado que se atopa nunha situación particular, ben por

estar **repetindo** curso ou ben por promocionar con algunhas **materias pendentes**.

- No primeiro caso o alumnado non está no mesmo punto de partida cos seus compañeiros porque xa cursou o nivel. Terá adquiridos uns coñecementos determinados e terá que completalos cos que non adquiriu. Trátase de darlle máis tempo para chegar á meta, pero non de facerlle repetir o camiño. O equipo docente debe coñecer este punto de partida, saber que sabe e que non sabe o alumno, posto que foi avaliado no seu momento. Tamén deberá avaliar o proceso seguido para intentar atopar outras vías alternativas que lle faciliten a consecución dos obxectivos propostos.
- No segundo caso, trátase dun alumnado que se atopa en inferioridade de condicións que o resto dos seus compañeiros: aparte de enfrontarse ás dificultades dun nivel educativo superior, faino cun desfase curricular e competencial. Polo tanto, teremos que establecer o diagnóstico para elaborar un plan axitado ás súas necesidades. Algunhas das materias non superadas terán continuidade no novo curso e, incluso, apoiaranse en coñecementos que tería que ter adquiridos. Outras materias perden vinculación e non teñen continuidade no novo nivel, polo que teremos que facer un plantexamento diferenciado para unhas e outras.

[A.1] PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO PARA O ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO CURSO

Artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Características do plan:

- Elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor durante un curso académico.
- O plan debe incurrir os seguintes elementos:
 - a) Identificación da alumna ou do alumno.
 - b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
 - c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
 - d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
 - e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
 - f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
 - g) Acreditación da información á familia.
- En cada sesión de avaliación ordinaria farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizáranse os cambios pertinentes. Na sesión de avaliación final do curso informarase sobre o seu desenvolvemento e aproveitamento persoal por parte do alumno/a.

[A.2] PLAN DE REFORZO OU RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONA CON ALGUNHA MATERIA PENDENTE

- Partiremos do grao de adquisición de obxectivos e competencias, así como das aprendizaxes imprescindibles de cada área ou materia pendente de superación.
- Estableceremos un plan de traballo no que determinemos os coñecementos necesarios que deben ser adquiridos, as tarefas específicas e os espazos e tempos nos que se levarán a cabo.
- Determinaremos a responsabilidade de supervisión e os prazos para levala a cabo.

COORDINACIÓN ENTRE ETAPAS

- Basearémola, especialmente, na coordinación, e dicir, na toma de decisións conxuntas sobre aprendizaxes imprescindibles e a súa gradación por niveis.
- No noso centro realizáremola a través da comisión de coordinación pedagóxica e, con respecto ao centro de adscrición, levarémola a cabo a través de reunións co equipo docente correspondente a 6º, así como co departamento de orientación.

8.11. Criterios xerais de avaliación, promoción e titulación

NORMATIVA: ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a **avaliación** nesa etapa educativa.

ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a **avaliación** nesa etapa educativa.

Para realizar a avaliación teremos en conta as características singulares do alumnado e o contexto sociocultural no que está enmarcado o centro.

A avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tomará como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, establecendo, para o alumnado que o requira, a adaptación das condicións de realización da avaliación, de forma que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe. Cando o alumnado teña autorizada unha adaptación curricular, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos en dita adaptación.

Non podemos esquecer que o éxito escolar mídese polo grao de consecución das Competencias Básicas e que o esforzo para o desenvolvemento das mesmas corresponde a toda a comunidade educativa (profesorado, familias...) xa que se trata dunha tarefa compartida.

Atopámonos nun momento no que é tremendamente importante levar a cabo unha avaliación colexiada, consensuada e que nos permita obter toda a información precisa para regular os procesos de ensinanza-aprendizaxe. Para acadar unha coherencia no proceso, debemos tomar acordos vinculantes e compartidos.

EDUCACIÓN INFANTIL

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
OBSERVACIÓN	<p>Diario</p> <p>Anecdotario</p> <p>Boletín informativo trimestral de información ás familias</p> <p>Rexistro de cumprimento da normas de clase ficha persoal do alumno</p>
TRABALLOS DE CLASE	<p>Traballos individuais</p> <p>Diálogos e conversas na assemblea</p> <p>Participación activa nas actividades comúns e/ou colectivas</p>
ENTREVISTAS COAS FAMILIAS	<p>Cuestionarios</p> <p>Rexistros</p>

EDUCACIÓN PRIMARIA

- En cada un dos cursos, os titores/as realizarán unha **avaliación inicial** do alumnado que completárase coa análise dos datos e información recibidas do titor do curso anterior. Isto permitirá adoptar as medidas de reforzo e de recuperación para o alumnado que o precise, así como as decisións oportunas sobre a programación a elaborar.
- Ao finalizar cada curso, o profesorado que imparte cada clase a cada grupo de alumnos, levará a cabo a avaliación final dos resultados acadados polo alumnado. A valoración dos resultados consignarase nos documentos de avaliación.
- Os docentes que imparten clase no curso deberán adoptar as medidas para que o cambio ao seguinte curso, ciclo ou etapa se leve a cabo coas garantías precisas de continuidade. Ao finalizar os cursos de 2º e 4º os titores/as emitirán un informe sobre o grado de adquisición das competencias do alumnado, indicando as medidas de reforzo que se deben adoptar no seguinte ciclo. Asimesmo ao finalizar etapa as titorías elaborarán un informe sobre a evolución e grado de adquisición das competencias desenvolvidas.
- As principais decisións, incluídas as de promoción e acordos adoptados, serán recollidas nas actas das

sesión de avaliación de final de curso.

- Avaliación diagnóstica en 4º de primaria ao rematar o 2º Ciclo e mostral en 6º de primaria (curso 2023-2024):
 - Os centros docentes realizarán unha avaliación individualizada do alumnado ao finalizar o 4º curso de Educación Primaria que consiste nunha avaliación de diagnóstico das competencias básicas (alomenos a lingüística e matemática) alcanzadas polo alumnado ao finalizar o segundo ciclo desta etapa, que terá carácter formativo e orientador, proporcionará información sobre a situación do alumnado, dos centros e do propio sistema educativo e permitirá adoptar as medidas pertinentes para mellorar as posibles deficiencias a través de plans de mellora.
 - Ao finalizar 6º curso, realizarase unha avaliación mostral de carácter plurianual.
 - Compre salientar que o resultado destas probas non ten ningunha repercusión no expediente académico dos alumnos; é dicir, que non inciden para nada nas cualificacións obtidas polos rapaces no curso escolar. A súa finalidade é estritamente diagnóstica, xa que os datos recompilados proporcionan á Administración unha unha información complementaria á hora de deseñar acción específicas.

A ponderación que se lle outorga a cada un dos instrumentos de avaliación empregados nas Programación Didácticas á hora de obter a cualificación final do alumnado, reflictarase nas Programacións en función dos niveis e especialidade, segundo o seguinte cadro pero establecendo as porcentaxes establecidas polos Equipos de Nivel e especialistas, anualmente.

% DA CUALIFICACIÓN					
PROBAS ESCRITAS		PROBAS ORAIS		OBSERVACIÓN DIRECTA	
Probas escritas de avaliación de contidos	%	Probas orais individuais	%	Rexistro anecdótico e rexistro de incidencias	%
Lista de control de Tarefas escolares	%	Participación en clase	%		
Caderno de clase e ordenador	%				
Proxectos e traballos	%				

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

- O alumnado promocionará ao curso ou etapa seguinte, sempre que se considere que ten superados os criterios de avaliación das diferentes áreas, cando lograse os obxectivos do curso ou etapa e teña acadado o grao de adquisición das competencias correspondentes.
- O alumnado que non superase os obxectivos do curso ou etapa ou que non acadase o grao de ad-

quisición das competencias correspondentes, poderá repetir unha vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo, recuperación e apoio, que será organizado polo equipo docente correspondente.

- A decisión de non promoción, é unha medida excepcional e tomarase unha vez esgotadas o resto de medidas (reforzos, apoios), unha vez escoitada a opinión das familias.
- O equipo docente decidirá sobre a promoción do alumnado, tendo especial consideración a opinión do/a titor/a.
- No caso de que o alumno promocióne con avaliación negativa nalgunha área, deberá establecerse un plan de reforzo ou recuperación dirixido á mesma. Ver [A.2]
- Con carácter excepcional, deberán permanecer un ano máis no curso se non acadan os obxectivos mínimos nas materias instrumentais en Matemáticas e Lingua (castelá ou galega) ou en tres materias sendo unha instrumental. Nestes casos deberá establecerse un plan específico de reforzo. Ver [A.1]
- Consideracións importantes co alumnado de NEAE:

EDUCACIÓN INFANTIL:

- Cando sexa preciso, e sempre por acordo do equipo docente, se poderá pedir a autorización para que sexa de aplicación no artigo 58 da orde do 8 de setembro de 2021 que fai referencia a que o alumnado con NEAE poderá permanecer no 2º ciclo de E.I. un ano máis (flexibilización). Nestes casos excepcionais sempre se valorará a aceptación do alumno/a no grupo de compañeiros/as e a integración do alumno/a no grupo da aula.
 - O alumnado con altas capacidades tamén por acordo do equipo docente poderá ter redución dun curso nesta etapa.
 - En ningún caso o alumnado poderá permanecer na etapa de E. Infantil máis alá do ano natural no que cumpra os sete anos de idade, nin comezar a etapa primaria antes do ano natural no que cumpra os cinco anos de idade.
- **EDUCACIÓN PRIMARIA:**
 - Orde do 8 de setembro de 2021 no Capítulo IV - Identificación e procedemento de elaboración e aplicación de determinadas medidas educativas de atención á diversidade.

8.12. Criterios para a concesión de matrícula de honra

O titor/a poderá conceder a Mención Honorífica ao alumnado que obtivera a cualificación de 9 ou superior na nota media do final de curso de sexto, e que demostrara un interese polos estudos especialmente destacable.

O número de mencións honoríficas concedidas por cada curso no poderá ser superior ao 20 % do alumnado matriculado en sexto curso. En caso de que houbera máis dun 20% de alumnado que supere o 9 de nota media, o titor/a decidirá a que alumnos/a se lles da a mención honorífica.

8.13. Aspectos xerais das programacións didácticas

A elaboración e elementos constituíntes das Programacións Didácticas veñen establecidos nos decretos correspondentes:

DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. (artigo 14)

DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (artigo 15)

As programacións didácticas das áreas ou ámbitos das ensinanzas de educación infantil e educación primaria incluírán, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos da área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.
- d) Metodoloxía.
 - Concrecións metodolóxicas.
 - Materiais e recursos didácticos.
- e) Avaliación.
 - Procedemento para a avaliación inicial.
 - Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da área e criterios de recuperación.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

- Concreción dos elementos transversais.
- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

As programacións serán elaboradas en PROENS e serán colgadas de xeito público na web do centro.

8.14. Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.

Os centros docentes dentro do marco establecido polas administracións educativas, desenvolven a súa autonomía pedagóxica e organizativa levando a cabo entre outras prácticas, Plans e Proxectos reflectidos no seu Proxecto educativo, así como outros programas nos cales participa o centro de xeito anual, os cales son ofertados pola Consellería de Educación e outras entidades.

Os criterios que nos levan a participar nos diferentes Proxectos, Plans e Programas son aqueles que :

- Nos axudan a conseguir unha escola plural na que os conflitos se resolvan por medio do diálogo.
- Permiten a colaboración de xeito interdisciplinar mediante tarefas nas áreas das linguas.
- Permiten crear lectores/as eficientes.
- Aqueles que levan a cabo una acción orientadora no proceso educativo tanto individual como colectivo do alumnado.

Entre os proxectos actuais constan:

- **Proxecto Lingüístico**
- **Plan de Lectura**
- **Plan de Bibliotecas Escolares (PLAMBE)**

- **Plan xeral de atención á diversidade**
- **Plan de orientación e acción titorial**
- **Plan dixital de centro**
- **Plan de Comunicación**
- **Plan de actividades físicas e hábitos saudables (pendente)**
- **Plan de convivencia**
- **Plan de Benestar Emocional**

8.15. O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.

O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular, realizarase periodicamente de xeito anual, mantendo así dito documento actualizado fronte ás modificacións que sexa preciso realizar.

As modificacións que se produzan por cambios legislativos faranse acorde aos prazos establecidos pola administración.

Esta avaliación da concreción, ten como finalidade adaptarse ás necesidades e características tanto do centro educativo como do profesorado e alumnado.

A Concreción Curricular é realizada no aplicativo PROENS.

DOCUMENTO 3

9. Organización do centro

Como nos organizamos?



9.1. Organigrama



9.2. Órganos de goberno

COLEXIADOS:

- Claustro de Profesores: É o órgano pedagóxico supremo do Centro Escolar. A súa composición e competencias veñen recollidas nos artigos 128 e 129 da LOE.
- Consello Escolar: É o órgano máximo de participación dos diferentes sectores da Comunidade Educativa. A súa composición ven recollida no artigo 126 da LOE a as súas competencias veñen recollidas no artigo 127 da LOE, coas modificacións introducidas no punto 80 do artigo único da LOMCE.

UNIPERSOAIS:

- Director: As súas competencias veñen recollidas no artigo 132 da LOE, tendo en conta as modificacións introducidas no punto 81 do artigo único da LOMCE.
- Xefatura de estudos: As súas funcións veñen recollidas no artigo 34º do Decreto 374/1996 (DOG do 21-10-96).
- Secretario/a: As súas funcións veñen recollidas no artigo 35º do Decreto 374/1996 (DOG do 21-10-96).

9.3. Órganos de coordinación docente

- Comisión de coordinación pedagóxica: A súa composición e competencias veñen reguladas nos artigos 61º e 62º do Decreto 374/1996 (DOG do 21-10-96).
- Equipos de ciclo e equipos de nivel.
- Equipo de dinamización da lingua galega: As súas funcións veñen reguladas na Orde do 17 de xullo de 2007 (DOG do 24-07-07).
- Equipo de actividades complementarias e extraescolares.
- Equipo de Dinamización da Biblioteca.

9.4. Persoal non docente

- Conserxe.
- Dúas limpiadoras.
- Dúas coidadoras.

9.5. Asociación de Nais e Pais (ANPA)

- As súas competencias veñen recollidas no artigo 105 do Decreto 374/1996 (DOG do 21-10-96).

9.6. Documentos de planificación

O centro deberá organizar a súa actividade e desenvolver os principios, valores e obxectivos recollidos neste proxecto educativo. Os documentos de planificación nos que se desenvolverá o proxecto educativo serán:

- A concreción do currículo a través das Programacións Didácticas e de Aula que incluirán:
 - Obxectivos, contidos, competencias básicas, estratexias metodolóxicas, estándares de aprendizaxe avaliábeis, criterios de avaliación, rúbricas.
 - Plan de atención á diversidade.
 - A educación en valores a través das distintas áreas.
 - Os criterios de avaliación e promoción do alumnado.
 - Medidas para o alumnado que permaneza un ano máis no curso.
 - O período de adaptación á escola.
 - O Proxecto Lingüístico do Centro.
 - O Proxecto de Dinamización das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.
 - O Proxecto Lector de Centro.
 - O Plan de Convivencia Escolar.
 - O Plan de saídas escolares.
- A Programación Xeral Anual (PXA) e a súa correspondente memoria.
- O Proxecto Lector a a súa concreción no Plan Lector.
- As Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC).
- O Proxecto Lingüístico.
- O Plan de Atención á Diversidade (PAD).
- O Plan de Convivencia.
- O Plan de integración TIC.
- O Plan de Acción Titorial (PAT).

- Plan de Autoprotección.
- Plan de Igualdade.
- Plan de comunicación*.
- Protocolo de acollida (tanto de profesorado como de alumnado de nova incorporación). Ademais o centro poderá establecer dentro da Programación Xeral Anual e/ou a través de proxectos ou plans concretos a participación en programas de mellora da calidade educativa, programas internacionais e aquelas iniciativas que promovan unha mellora da práctica docente e educativa.

9.7. Dinamizacións e outras funcións docentes

Atendendo ás necesidades do alumnado o equipo directivo, oído o Claustro, poderá asignar ao profesorado con horario lectivo dispoñible actividades como:

- Reforzo educativo.
- Atención á diversidade.
- Atención específica de apoio ao alumnado estranxeiro e minorías étnicas.
- Apoio á educación infantil.

O Equipo Directivo, oído o Claustro, designará aos dinamizadores/as das dinamizacións específicas que se establezan na Programación Xeral Anual así como ao profesorado colaborador con horario lectivo dispoñible. Poderanse establecer dinamizacións como:

- Novas tecnoloxías da información e da comunicación. Biblioteca.
- Convivencia escolar.
- Normalización lingüística.
- Mellora da calidade educativa.
- Programas internacionais.
- Outras actividades análogas que se establezan na PXA.

9.8. Servizos complementarios

O centro conta co servizo complementario de comedor escolar cuxos aspectos de organización e funcionamento atópanse desenvolto nas NOFC e na PXA.

9.9. Actividades complementarias

Son actividades que están integradas na actividade lectiva normal, e que se realizan con finalidade eminentemente pedagóxica, encamiñadas ao desenvolvemento das capacidades básicas do alumnado.

- Celebración do Magosto e Samaín
- Celebración do Día do Peón
- Celebración do Nadal.
- Celebración do Día da Paz., da igualdade e da Muller.
- Celebración do Entroido.
- Celebración das Letras Galegas.
- Elaboración e edición do Xornal Escolar.
- Actividades de promoción da lectura.
- Plan de saídas escolares: saídas educativas dos diferentes niveis.
- Saídas ocasionais para participar en exposicións e/ou actividades didácticas que propoñen os distintos equipos de profesores.

9.10. Actividades extraescolares

- O centro oferta, unha vez rematado o horario lectivo (de 16:00 a 18:00 dependendo da actividade), unha serie de actividades lúdico- educativas, deportivas e culturais, encamiñadas a facer efectivos os principios xerais. Estas actividades realízanse nas propias instalacións do centro.
- A oferta de actividades realizarase cada curso ao comezo da actividade lectiva e figurará na Programación Xeral Anual.
- O Concello e o ANPA son os responsables de contratar aos monitores responsables de cada actividade.
- O financiamento destas actividades corren a cargo das familias naquelas organizadas pola ANPA, sendo de balde as organizadas polo Concello.

10. Documentos anexados a esta sección

Documentos para desenvolver a autonomía organizativa do centro.

10.1. O plan de convivencia

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, art. 121.2
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. de Educación, art. 11-17.

10.2. As Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC)

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, art. 124
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. de Educación, art. 18 e 20.

10.3. O Plan de Igualdade

- Instrucións publicadas o 6 de setembro de 2019.

10.4. O Plan Dixital de Centro

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.
- Resolución do 7 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se seleccionan, con carácter experimental, os centros docentes públicos que constituirán a Rede Galega de Educación Dixital, para o curso 2021-2022. O prazo de solicitude rematará o día 22 de setembro de 2021.
- A Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, publicou o pasado 17 de xuño as instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato que inclúen na disposición adicional quinta a necesidade de que os centros docentes elaboren no curso 2021/22 o seu plan dixital.

DOCUMENTO 4

11. Proxecto de xestión de recursos humanos e materiais

Como utilizamos os recursos?



11.1. Proxecto de xestión (existe un documento anexo)

- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación publicada en el BOE de 30 de decembro de 2020, art. 123
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, art. 122, 123 e 132

